




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Redondela. Parroquias: Santa María do Viso, San Pedro de Cesantes, unha pequena área oriental en San Martiño de Ventosela, Santiago de Redondela, Santa María de Reboreda, San Mamede de Quintela e Santo André de Cedeira. Extensión: 7,37 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A desembocadura dos ríos Alvedosa e Pexegueiro forma un pequeno esteiro confinado entre as puntas da Portela ao SO e da Canteira ao NE, esta última que vén sendo unha prolongación do Monte da Canteria que actúa como relevo residual granítico que resistiu a erosión. No seu interior dominan os depósitos sedimentarios finos configurando unha chaira intermareal con áreas de marisma nos seus extremos. No interior, á chaira costeira ao redor da confluencia dos ríos principais séguelle a vertente de pendente suave que aumenta progresivamente cara á cabeceira. Neste sentido cabe destacar o val do Río Pexegueiro que se prolonga en dirección SO-NE ata os altos da Cabaleira e A Peneda.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A litoloxía da unidade alterna, en bandas paralelas de NO. -SE., rochas ígneas e rochas metamórficas. Dende o sueste, a primeira en aparecer corresponde ás lousas, xistos e paragneises do Complexo de Cabo Home - A Lanzada, intercalada por algunhas franxas de granito con feldespato alcalino, que logo dunha banda de gneises glandulares de gran moi grosso, volve dar na parte nororiental da unidade. Os depósitos cuaternarios, asociados á desembocadura dos ríos Pexegueiro e Alvedosa, presentan unha gran complexidade. O primeiro deles mostra un val no que abundan os depósitos aluviais, e en menor medida coluvial; mentres que na mencionada desembocadura, os depósitos de marisma no esteiro, e o cono de dexección final, engaden diversidade ás formas areosas de praia que completan a secuencia de depósitos cuaternarios da zona costeira.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A maior parte do esteiro inclúese no dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual superior a 15° C e amplitude térmica media entre 12,5°C e 13,5°C. En canto ás precipitacións hai que falar de valores acumulados entre 1200 mm e 1400 mm ao ano pero son lixeiramente superiores nos altos da Cabaleira e A Peneda xa que alcanzan máximos de 1600 mm (dominio Cálido-Moi Húmido).

OS SOLOS

Unidade con importante presenza de antrosolos debido á intensa transformación da paisaxe ao redor do núcleo urbano de Redondela e a súa área de expansión. O esteiro experimenta fluxos mareais que derivan na formación de solos lamacentos costeiros propios das chairas intermareais tipo sapropel. En menor medida, tendo en conta o alto grao de alteración da costa, aparecen enclaves de arenosolos e en pequenas áreas de marisma fluvisolos sálicos e tiónicos. No val do Pexegueiro dominan os solos profundos e fértiles de tipo cambisol gleico a excepción da cabeceira (altos da Cabaleira e Chan da Roda) onde os solos, umbrisoles dístrico-lépticos e localmente leptosolos líticos, perden espesor e desenvolven tan só un horizonte humífero.


AS AUGAS

O val do río Pexegueiro prolóngase dende o nordeste ata o Esteiro de Redondela, alcanzando un considerable desenvolvemento continental, grazas en parte, á chegada de tributarios que recollen a auga dos relevos próximos. Polo leste, non obstante, destaca o curso do río Alvedosa, que adquire xa unha entidade volumétrica importante e que conta como principal afluente o río das Maceiras. Na desembocadura destes ríos, na confluencia coas Augas Costeiras 20158, xérase un pequeno esteiro nas inmediacións de Redondela.

O PATRIMONIO NATURAL

Liña de costa e zonas intermareais e mariñas dentro do LIC Enseada de San Simón. Esteiro con dominio dos bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais superficiais (1110 e 1140), ademais de pequenos sectores de marisma pegados a liñas de costa artificial e baixa rochosa. Unidade moi ocupada polo ser humano, agraria, forestal e construtivamente, coa pequena cidade de Redondela e o seu periurbano á fronte. Ao interior destacan os bosquetes ripícolas (91E0) e os prados hidromorfos do Rego Pexegueiro, que se alonga cara ao norte atravesando a unidade. Algunha depresión interna da unidade, como a do Carballino e outros cursos como o que baixa do prelitoral polo leste de Redondela, ofrecen tamén formacións de ribeira de menos entidade pero subliñables en función do nivel de ocupación na zona. Por último, engadimos masas arborizadas en estado mixto, frondosas autóctonas con especies de repoboación e xardín, derivadas de procesos de recolonización por abandono de usos agrarios ou de antigas carballeiras e soutos.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A presenza da vila de Redondela marca o uso case exclusivo neste ámbito. Non obstante, a pertenza á área metropolitana de Vigo é compatible cun uso agrícola, o segundo en importancia e que está representado en dúas modalidades: a explotación vinícola ou o cultivo baixo plástico. No extremo norte da unidade, arredor do Alto da Cabaleira, aparecen os monocultivos forestais (eucalipto e piñeiro) ou as matogueiras de substitución asociadas a espazos agrícolas abandonados. De menor implantación son as masas forestais mixtas ou as formacións vexetais costeiras.

MORFOLOXÍA

A morfoloxía desta unidade é froito da vila de Redondela, que a caracteriza e que se sitúa ao sur, en terras baixas, algunhas gañadas ao mar. Ao tempo pódese apreciar como o tránsito da N-550 por este espazo condiciona o tipo e forma dos núcleos secundarios. A pesar de que esta vía actúa como polo de atracción xerando certa linearidade no crecemento dos asentamentos (moi claro no caso de Redondela) a característica principal en canto á súa disposición é a dispersión. O parcelario, pola súa banda, responde ao tipo minifundista propio de Galicia dado que as explotacións son de pequeno tamaño podendo aparecer cercadas por elementos naturais ou artificiais. Encóntranse no este da unidade tres Núcleos de Identidade do Litoral: O Coto, Redondela e Portela.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Dende o norte, dúas estradas de ámbito provincial (EP-2909 e EP2908) enlazan as localidades do interior con este espazo costeiro. Estas estradas, conxuntamente coa N-550 que se confirma como a principal vía de comunicación rodada entre Redondela e Vigo, é unha peza fundamental na mobilidade de persoas e mercadorías a escala local. Outra importante vía de comunicación é a liña de ferrocarril que comunica A Coruña con Vigo e cuxo elemento máis representativo é o espectacular viaduto que cruza por enriba da localidade. Destacar a presenza do porto de Cesantes que ademais de exercer de base para unha pequena frota pesqueira de baixura actúa como un importante punto de recalada para as embarcacións de recreo que se acheguen ao seu club náutico.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O principal resto arqueolóxico da unidade é o castro situado en Santa María do Viso que testemuña a presenza do home por estas terras dende antigo. Dentro da arquitectura civil e industrial destacar a presenza de antigas fábricas, hoxe en estado de abandono, como o salinte da fábrica de IME ou en ruínas como a fábrica de salgadura de Punta Portela, que testemuñan a importancia que tiveron este tipo de industrias de transformación neste punto da costa. Destacar tamén os viadutos como o de Pontevedra ou o de Madrid, ambos os dous de interesante factura e que, sen dúbida, se constitúen como un dos elementos máis representativos da vila. O Pazo de Torre Agrelo, o Pazo de Petán, a casa-torre de Queimaliños, o exconvento de Vilavella, capelas e igrexas e numerosas casas singulares xunto con outras construcións populares como o conxunto de hórreos da rúa Picota completan o catálogo de elementos patrimoniais de carácter etnográfico. O Camiño Portugués a Santiago transita por esta unidade proveniente da capital do Algarve (Lagos) e en dirección á capital de Galicia.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A pertenza á área metropolitana de Vigo condiciona o seu carácter e funcionalidade dado que Redondela actúa, na práctica, como lugar de residencia de moitos traballadores que desenvolven a súa actividade laboral na cidade veciña. Defínese un espazo dicotómico no que a parte sur presenta unha identidade marcadamente urbana mentres que na parte norte se mantén un uso mixto, no que as actividades agrarias conviven co uso residencial que se estende por todos os ámbitos da unidade. As vías de comunicación actúan como importantes referentes para a localización de novos elementos construídos, dado que sobre elas se concentran os desprazamentos favorecendo a mobilidade entre os diferentes puntos da costa.

DINÁMICA DA PAISAXE

A pesar de que a mediados do século pasado este xa era un espazo densamente poboado, resulta evidente que nos últimos 50 anos se produciu un desenvolvemento notable do núcleo de Redondela, ademais do xurdimento dun gran número de vivendas que se localizaron seguindo factores socioeconómicos dos propietarios das terras na súa maior parte. Para que o crecemento urbano fose posible deberon liberarse parcelas que anteriormente estaban dedicadas a labores agrícolas. Dáse, polo tanto un retroceso do sector primario a favor do desenvolvemento industrial apoiado nun crecente sector turístico, o que supuxo profundos cambios na base económica da unidade ao longo dos últimos anos. Estas transformacións repercutiron na percepción da paisaxe que foi evolucionando dende un ámbito rural cara a unha escena marcadamente urbana.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

As características físicas e socioeconómicas da unidade configuran unha paisaxe a medio camiño entre o rural e o urbano pero de gran riqueza paisaxística posto que se atopa nun dos tramos de costa máis poboados de Galicia. Os elementos patrimoniais, a arquitectura ou elementos tan pintorescos como os viadutos, permiten ao visitante descubrir un ámbito cargado de historia que se asoma á Ría de Vigo a través do esteiro de dous pequenos ríos. Estes ríos actúan como conectores entre o espazo puramente urbano representado por Redondela e o interior máis rural, constituíndose como verdadeiros corredores de esencial valor ecolóxico e funcional, recoñecido pola figura de protección da Rede Natura 2000. Punta Socorro e o peirao de Cesantes son dous puntos de observación e percepción, tanto da morfoloxía da Ría de Vigo como do modelo de asentamento. Tanto esta unidade como as unidades veciñas son divisadas dende o mirador de Cotorredondo no Concello de Vilaboa.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Mellora e adecuación paisaxística das naves de carácter produtivo localizadas no Cairo, con especial atención aos seus accesos e aparcadoiros así como á consecución dunha servidume de tránsito expedita dunha mellor calidade ambiental e escénica.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



